

MPN

ASUNTO.- INFORME-PROPOSTA SOBRE A NECESIDADE DE TRAMITACIÓN DUN EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO PARA DOTAR DE CRÉDITO SUFICIENTE A APLICACIÓN CORRESPONDENTE PARA FACER FRONTE AS ACTUACIÓN DO PROGRAMA REACPON

PRIMEIRO.- Para facer fronte as necesidades de financiamento de determinadas actuacións dentro do programa ReacPon do Servizo de Cooperación, propónse realizar a seguinte modificación de crédito para dotar de crédito suficiente a aplicación orzamentaria correspondente, co fin de que as actuacións dos concellos de Bueu, Caldas de Reis, Meaño, Nigrán e Tomiño enmarcadas no programa ReacPon poidan levarse a cabo correctamente, e cuxos antecedentes son os que se expoñen a continuación.

SEGUNDO.- O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo 7.7624 adoptado na sesión ordinaria de 28/05/2021, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-Covid-19 – Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia), publicadas no BOPPO núm. 102, do 1 de xuño de 2021. As Bases foron modificadas posteriormente mediante o acordo 8.7706 adoptado na sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial de data 26/11/2021. Dita modificación foi publicada no BOPPO núm. 230, do 27 de novembro de 2021.

Mediante o acordo núm. 4.7719 adoptado na sesión extraordinaria do 17/12/2021, o Pleno da Corporación Provincial aprobou a concesión de subvencións ao abeiro da convocatoria do Programa ReacPon.

Segundo o previsto na base reguladora 7^a.2.h), os concellos asinaron coa Deputación de Pontevedra o correspondente convenio de colaboración entre as dúas administracións co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes.

A base 16^a das reguladoras do Programa, indicaba que os investimentos deberían estar executados na súa totalidade o 30/04/2023 e deberían xustificarse sen exceder o 30/09/2023.

Mediante o acordo núm. 7.7926, o Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria de 27/01/2023, acordou prorrogar o prazo de execución dos investimentos acollidos no Programa ata o 31/12/2023 e o prazo de xustificación ata o 31/05/2024, asinándose as respectivas addendas aos convenios de colaboración.

Antes do remate do prazo de execución dos investimentos, os Concellos de Bueu, Caldas de Reis, Meaño, Nigrán e Tomiño, por mor de diversas circunstancias imprevisibles, non imputables á debida dilixencia na execución do Programa e debido a imposibilidade de rematar as actuacións nos prazos previstos, solicitaron a prórroga dos prazos de execución e xustificación.

TERCEIRO.- O 27/11/2023, ante a proximidade do remate do prazo de execución dos citados investimentos, a xefa do Servizo de Cooperación solicita á Intervención provincial a emisión dun



informe que recolla os criterios a ter en conta no suposto de que os concellos beneficiarios de axuda non puidesen rematar a execución das súas actuacións na data límite do 31/12/2023.

A Intervención provincial emite o día 29/11/2023 o seguinte informe:

“Nestes casos nos que non se poden prorrogar máis os prazos de execución das obras e a súa xustificación, esta Intervención considera, co obxecto de non discriminar aos Concellos que cumpran cos prazos establecidos e para incentivar a rápida execución dos investimentos pendentes, que procedería, no seu caso, conceder unha subvención nominativa polo Pleno da Deputación, debendo cumprirse os seguintes criterios:

(...)

- Se a porcentaxe de execución acada ou supera 80%, neste caso a concesión da subvención nominativa terá os condicionantes seguintes:

- O importe da subvención nominativa será a suma do investimento pendente de executar máis, no seu caso, os excesos de medición, en función do importe da baixa.*
- O importe do investimento pendente de executar non se descontará do POS.*
- O importe dos excesos de medición descontaranse do POS do exercicio posterior do seguinte xeito:*
 - Se a execución se sitúa entre o 80 e o 85%, descontarase o 75%*
 - Se a execución se sitúa entre o 85 e o 90%, descontarase o 50%*
 - Se a execución se sitúa entre o 90 e o 95%, descontarse o 25%*
 - Se supera o 95%, non se descontará nada*

Para que os Concellos poidan seguir coa execución dos investimentos, deberase ditar Resolución Presidencial antes de finalizar este exercicio, na que se autorice que continúen coa execución e na que se teñan en conta estes criterios, xa que no mes de xaneiro se elevará ao Pleno a concesión de subvención nominativa para o remate dos investimentos e, no seu caso, os excesos de medición.

Para poder conceder as subvencións nominativas é necesario que, a principio do mes de xaneiro, os Concellos soliciten dita concesión, debendo indicar as cantidades pendentes de executar e os excesos de medición, mediante certificado do técnico director ou o responsable do contrato, no caso de que non se trate da execución de obras”

CUARTO.- Os concellos relacionados, tras ser autorizados cada un deles por resolución presidencial para continuar coa execución dos seus investimentos ao abeiro do programa ReacPon con posterioridade á data 31/12/2023, presentan nos cinco primeiros días hábiles de xaneiro de 2024 as solicitudes de subvención nominativa requiridas, onde comunican os importes executados ata o mes de decembro de 2023 e as cantidades pendentes de executar, máis, no seu caso, os excesos de medicións.



En consecuencia, co fin de dar continuidade ós investimentos, debe minorarse o importe das subvencións ao abeiro do Programa ReacPon na cantidade correspondente aos investimentos pendentes de executar máis, no seu caso, os excesos de medición, en función do importe da baixa (tendo en conta as porcentaxes de cofinanciamento entre a Deputación e os concellos).

QUINTO.- Nos casos dos Concellos de Bueu e de Tomiño non se pode aplicar a baixa de adxudicación para financiar os excesos de medición porque, en ámbolos casos, a totalidade da baixa utilizouse para financiar as respectivas modificacións dos proxectos.

No caso do Concello de Caldas de Reis tense en conta os importes indicados na solicitude de subvención nominativa presentada polo concello, considerando o informe do director de obra no que se indica que “durante a execución das obras, por parte do promotor, e de acordo co contratista e coa dirección facultativa, adoptouse a decisión de non executar determinadas partidas das previstas no proxecto”.

En canto aos Concellos de Bueu, Meaño, Nigrán e Tomiño, á hora de calcular o importe da subvención pendente de aboar pola Deputación, da obra pendente de executar e dos excesos de medición, tense en conta as porcentaxes de cofinanciamento que figuran non convenios asinados entre os respectivos concellos e a Deputación, xa que ditos concellos co-financian con fondos propios os seus investimentos.

SEXTO.- En definitiva, deberá concederse unha subvención nominativa a cada un dos concellos referidos, unha vez executados e xustificados correctamente en prazo os investimentos e tendo en conta os criterios anteriormente indicados e que constan nas resolucións presidenciais nas que se autoriza aos concellos a continuar coa execución das actuacións. No caso do Concello de Nigrán, ao situarse a porcentaxe de execución a 31/12/2023 entre o 90% e o 95%, en virtude do establecido na Resolución Presidencial núm. RP2023009480 de 13/12/2023, o 25% do importe da subvención correspondente aos excesos de medición descontarase do **Plan + Provincia** do 2024.

A estes efectos, a concesión das subvencións nominativas realizarase cun crédito extraordinario contra a aplicación orzamentaria 2024/942.9420.762.75, mediante a aprobación polo Pleno das baixas por anulación dos créditos do Programa ReacPon que se corresponden coa parte non executada dos investimentos dos concellos afectados.

O estado de execución dos referidos investimentos segundo a información achegada polos concellos é o seguinte:



Concello	Finalidade	Orzamento	Importe Adxudicación	Subvención REACPON	Subvención Plan Concellos	Cofinanciado por Concello	Executado a 31/12/2023 (información concello)		Pendente executar (información concello)	Importe excesos medición (información concello)	Subvención pendente de aboar
Bueu	Reforma e ampliación da biblioteca municipal Torrente Ballester de Bueu	Inicial 916.559,80		687.419,85	420.902,05	172,05	1.054.044,74	95,09	54.449,22	28.374,78	54.440,77
		Reformulado 1.108.321,90	Reformulado 986.184,82								
		Modificado 1.245.778,78	Modificado 1.108.493,96								
Caldas de Reis	Mellora da área do río Bermaña	579.793,58	471.145,37	492.824,54	86.969,04	0,00	357.308,19	92,46	29.144,05	0,00	29.144,05
Meaño	Mellora eficiencia enerxética e acondicionamento de pavillón de deportes de Meaño	Inicial 450.400,72		360.320,58	90.080,14	151.999,81	565.620,14	96,38	21.250,56	7.862,58	21.767,21
		Reformulado1 503.798,90									
		Reformulado2 602.400,53	Reformulado2 586.870,70								
Nigrán	Humanización da rúa Otero Pedraio	1.592.114,67	1.364.442,28	905.214,42	0,00	686.900,25	1.250.827,07	91,67	113.615,21	136.398,18	142.147,88
Tomiño	Proxecto "Espazo Isaura Gómez"	Inicial 1.740.586,11	Inicial 1.532.237,96	1.108.423,05	0,00	645.989,43	1.696.603,39	96,70	57.809,09	86.773,32	36.523,30
		Modificado 1.992.971,11	Modificado 1.754.412,47								

CONCLUSIÓN

Visto o interese que supoñen as actuacións anteriores, das que se beneficiarán os respectivos concellos destinatarios das axudas, considérase que se cumpre a finalidade fundamental da Deputación respecto do aseguramento da prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal.

En consecuencia, compre que se incoe un expediente de modificación de crédito para minorar a aplicación 2024/942.9420.762.75.2021 e dotar do crédito necesario a aplicación orzamentaria 2024/942.9420.762.75 do servizo de Cooperación para poder tramitar posteriormente a concesión das respectivas subvencións nominativas a dos concellos que se relacionan a continuación e polos importes que se detallan:



FINALIDADE Continuidade das obras do Programa ReacPon	CONCELLO	MINORAR A APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE A MINORAR	INCREMENTAR A APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE A CONCEDER
Reforma e ampliación da biblioteca municipal Torrente Ballester de Bueu	BUEU	2024/942.9420.762.75.2021	54.440,77 €	2024/942.9420.762.75	54.440,77 €
Mellora da área do río Bermaña	CALDAS DE REIS		29.144,05 €		29.144,05 €
Mellora eficiencia enerxética acondicionamento de pavillón de deportes de Meaño	MEAÑO		21.767,21 €		21.767,21 €
Humanización da rúa Otero Pedraio	NIGRÁN		142.147,88 €		142.147,88 €
Proxecto "Espazo Isaura Gómez"	TOMIÑO		36.523,30 €		36.523,30 €
TOTAL			284.023,21 €		284.023,21 €

Todo elo, de acordo cos artigos 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o artigo 36 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, de ter que realizarse algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte e non exista no orzamento da corporación crédito, ordenarase a incoación do expediente de concesión de crédito extraordinario, que se poderá financiar con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería, con novos ou maiores ingresos sobre os totais previstos, ou mediante anulación ou baixas de créditos doutras partidas non comprometidas.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

Conforme:

A Xefa do Servizo de Cooperación
(documento asinado electronicamente)

Marina Piñeiro Novo

O deputado delegado da Área de Cooperación
(documento asinado electronicamente)

José Carlos López Campos

INTERVENCIÓN



MPN

ASUNTO: INFORME PROPOSTA SOBRE A NECESIDADE DE TRAMITAR UN EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO RESPECTO DO ORZAMENTO DO ANO 2024 DO SERVIZO DE COOPERACIÓN.

Para facer fronte as necesidades de financiamento de actuacións do Servizo de Cooperación, propónse realizar as seguintes modificacións de crédito:

1.- CRÉDITO EXTRAORDINARIO PARA O FINANCIAMENTO DA ACTUACIÓN DO CONCELLO DE MOAÑA, CON CARGO AO IMPORTE DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA, DO INVESTIMENTO DO PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS

Mediante acordo plenario núm. 5.7813 de 23/06/2022 (BOPPO núm. 122 de 28/06/2022) aprobouse a modificación de créditos 3/2022 que deixa en dispoñible a favor do concello de Moaña na aplicación orzamentaria 22/942.9420.762.30, a cantidade de 154.255,00 euros, para o financiamento dunha serie de investimento, sendo un deles o "Proxecto básico e de execución de instalación deportiva para Skatepark".

De seguido, por resolución presidencial núm. 2022005697 de data 05/08/2022, se lle concedeu ao Concello de Moaña unha subvención nominativa con consignación orzamentaria, por importe de 41.036,36 euros, co obxecto do financiamento do investimento "Proxecto básico de execución de instalación deportiva para Skatepark", sendo tramitada como expediente núm. 2022023755, e apoiada nun proxecto técnico cun orzamento polo mesmo importe.

Esta subvención concedeuse no marco regulamentario do Plan Concellos 2022-2023 (Anualidade 2022) porque era o Plan de Obras e Servizos vixente no momento de ter lugar a modificación orzamentaria que posibilitou a referida concesión.

Mediante rexistro web 2022062515 de data 09/12/2022, o concello de Moaña presentou a documentación acreditativa da necesidade de reformular o proxecto por canto os prezos actuais son superiores aos que no seu momento recolleu o proxecto supervisado e aprobado de agosto de 2021, circunstancia que fai que non haxa agora licitadores que realicen unha oferta axustada e fundada, e que o Concello se vexa obrigado a adaptar o proxecto orixinal superando o desfase nos prezos pola inflación.

Como consecuencia do incremento dos prezos o proxecto técnico arroxa un orzamento de 81.242,64€, sendo co-financiado o importe restante de 40.206,28€ polo propio concello de Moaña, mantendo o importe da subvención concedida de 41.036,36 €.

En data 27/10/2023, mediante rexistro WEB2023059748, o Concello comunica que a obra "Proxecto básico de execución de instalación deportiva para skatepark" foi licitada mais quedou deserta, polo que é imposible cumprir o prazo de execución fixado para a mesma polo que solicitan unha prórroga no prazo de execución e posterior xustificación do investimento ante a imposibilidade de cumprir cos prazos establecidos na actualidade.

Ante dita situación, o Concello de Moaña, mediante rexistro WEB2024007028, expón que tendo concedida unha subvención de 41.036,36€ para a execución do "Proxecto básico e de execución de instalación deportiva para skatepark", con número de expediente 2022023755, sendo licitado e finalizando o concurso como deserto, véese na obriga de redactar un novo proxecto coa mesma finalidade, solicitando á Deputación que lle permita sumar dita subvención co importe que lles corresponde por reparto dentro da convocatoria do plan extraordinario de infraestruturas deportivas.



Polo tanto, de acordo co anterior, o Concello de Moaña solicita destinar o importe da cofinanciación **41.036,36 €** á seguinte actuación:

CONCELLO DE MOAÑA				
NOVO PROXECTO DE "INSTALACIÓN DEPORTIVA PARA SKATEPARK"				
COMUNICACIÓN	06/02/2024	NOMINATIVA	PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS	TOTAL novo proxecto
		"Proxecto básico e de execución de instalación deportiva para Skatepark"	"Novo proxecto de instalación deportiva para Skatepark"	
		41.036,36€	116.369,19€	157.405,55€
		APLICACIÓN	APLICACIÓN	
		2024/942.9420.762.30.2022	2024/942.3420.762.95.2023	

Á vista do anterior, e para facer efectivo este novo investimento, que é de competencia local ao abeiro do artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, é preciso a modificación orzamentaria pertinente ao fin de que o **crédito orzamentario da subvención nominativa concedida con cargo á anualidade 2022 do Plan Concellos 2022- 2023, se transfira á aplicación orzamentaria do Programa Instalacións Deportivas 2024/942.3420.762.95.2023** do Servizo de Cooperación por importe de **41.036,36€**, de conformidade co establecido no artigo 172 e seguintes do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais.

2.- CRÉDITO EXTRAORDINARIO PARA O FINANCIAMENTO DUNHA ACTUACIÓN DO CONCELLO DE MEIS CON CARGO AO IMPORTE SOBRANTE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA FINANCIAR A TOTALIDADE DA ACHEGA MUNICIPAL DO INVESTIMENTO DO PROGRAMA REACPON, CON CARGO AO PLAN CONCELLOS 2022-2023 (ANUALIDADE 2022)

O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 4.7719 adoptado na sesión extraordinaria do 17/12/2021, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello de Meis con destino á execución da actuación denominada "Rehabilitación de centro deportivo para a mellora da eficiencia enerxética e condicións de salubridade", ao abeiro do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-Covid-19 - Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia) (expte. 2021025615).

O orzamento do investimento ascendía a 507.715,49 € e a subvención concedida a 431.558,17 € (85%), completándose o financiamento mediante unha achega municipal de 76.157,32 € (15%).

De acordo co previsto na base reguladora 7ª.2.h) do Programa, mediante a resolución presidencial núm. 2021007769, do 27/12/2021, aprobouse o correspondente convenio de colaboración co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o 11/01/2022 (expte. 2021039844).

Por acordo núm. 10.31387 da Xunta de Goberno, do 04/03/2022, concedeuse ao Concello de Meis unha subvención de 76.157,32 €, con cargo á anualidade 2022 do Plan Concellos 2022-2023, para



financiar a totalidade da achega municipal do investimento do Programa ReacPon (expte. 2022003838), e resultando a seguinte táboa de financiamento:

Orzamento	507.715,49 €
Programa ReacPon	431.558,17 €
Plan Concellos 2022-2023	76.157,32 €

Na data 21/12/2022 o Concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro 2022028335) a notificación da Resolución Definitiva de data 02/12/2022 de concesión dunha subvención de 388.603,93 € para a mesma actuación do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, dentro da convocatoria do Programa de Impulso a la Rehabilitación de Edificios Públicos para las Entidades Locales (PIREP Local) no marco do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.

Á vista da obtención da nova subvención ministerial, mediante o acordo do Pleno provincial núm. 5.7924, do 27/01/2023, acordouse a aprobación da modificación do acordo núm. 4.7719 de concesión da subvención para reaxustar o financiamento, de conformidade coa seguinte táboa:

Orzamento	507.715,49 €
Programa ReacPon	101.244,83 €
Plan Concellos 2022-2023	17.866,73 €
Subvención PIREP	388.603,93 €

Na data 10/03/2023 asíñase a addenda ao convenio na que se recolle o novo financiamento.

A cantidade financiada a través da anualidade 2022 do Plan Concellos 2022-2023, redúcese de 76.157,32 € a 17.866,73 €, resultando un importe sobrante de **58.290,59 €**, que debe ser obxecto dun expediente de modificación de crédito para tramitar a posterior concesión dunha subvención nominativa.

O día 09/02/2024 o Concello de Meis presenta no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2024007813) un escrito no que solicita que a cantidade sobrante, concretamente 58.290,59 €, se destine ao financiamento do seguinte investimento:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN SOLICITADA
"Reforma e Mellora de redes de servizos do lugar de O Noval"	58.290,59 €	58.290,59 €

Á vista do anterior, e para facer efectivo este novo investimento, que son de competencia local ao abeiro do artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **proponse que se tramite a modificación de crédito pertinente**, de conformidade co establecido no artigo 172 e seguintes do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, co fin de que o crédito orzamentario da anualidade 2022 do Plan Concellos 2022-2023 transferido á aplicación orzamentaria 2024/942.9420.762.75.2021 do Programa ReacPon (**58.290,59€**) pase á aplicación orzamentaria **942.9420.762.29** do Servizo de Cooperación.



3.- CRÉDITO EXTRAORDINARIO PARA O FINANCIAMENTO DUNHA ACTUACIÓN DO CONCELLO DE MARÍN CON CARGO AO IMPORTE SOBRANTE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA FINANCIAR A TOTALIDADE DA ACHEGA MUNICIPAL DO INVESTIMENTO DO PROGRAMA REACPON CON CARGO AO PLAN CONCELLOS 2022-2023 (ANUALIDADE 2022)

O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 4.7719 adoptado na sesión extraordinaria do 17/12/2021, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello de Marín con destino á execución da actuación denominada "Humanización da contorna do mercado municipal de Seixo", ao abeiro do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-Covid-19 - Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia) (expte. 2021025615).

O orzamento do investimento ascendía a 730.744,52€ e a subvención concedida pola Deputación de Pontevedra a 548.058,39€ (75%), completándose o financiamento mediante unha achega municipal de 182.686,13€ (25%), cantidade financiada con cargo á anualidade 2022 do Plan Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023 da Deputación.

De acordo co previsto na base reguladora 7ª.2.h) do Programa, mediante a resolución presidencial núm. 2022000665, do 31/01/2022, aprobouse o correspondente convenio de colaboración co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o 04/02/2022 (expte. 2021040020).

Así mesmo, nas Bases do programa en concreto, na base Décimo sétima contéplase que "(...) no caso de existir importes sobrantes, estes reverterán a cada Administración na mesma proporción en que sexan cofinanciados, se ben, cando a parte cofinanciada polo concello proceda do Plan Concellos ou algún outro plan ou programa de axudas ou subvencións da Deputación de Pontevedra, unicamente se permitirá o reinvestimento noutras actuacións cando o importe sobrance que lle corresponda sexa igual ou superior a vinte mil euros (20.000,00 €), para o cal se deberá tramitar un novo expediente para a súa concesión como subvención nominativa, sen prexuízo da suxeición á normativa aplicable que volverá a rexer os fondos segundo o plan ou programa do que proveñan."

Nas datas 27/09/2023 e 21/12/2023 o concello presenta no Rexistro da Deputación (núms. rexistro WEB2023055284 e WEB2023069579) a Certificación Liquidación da actuación, ascendendo o total xustificado a 575.999,51€, resultando unha baixa total por importe de 154.745,01€, correspondendo ao Plan Concellos 2022-2023 (anualidade 22) a cantidade de 38.686,25€ (25%).

Polo antedito, en virtude da citada base, o día 09/02/2024 o Concello de Marín presenta no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB 2024008030) un escrito no que solicita que a cantidade sobrance, concretamente 38.686,25€, se destine ao financiamento do seguinte investimento:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO	FONDOS PROPIOS	SUBVENCIÓN SOLICITADA
"Renovación do pavimento no entorno do CEIP do Carballal"	58.584,00€	19.897,75€	38.686,25€

Á vista do anterior, e para facer efectivo este novo investimento, que son de competencia local ao abeiro do artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **proponse que se tramite a modificación de crédito pertinente**, de conformidade co establecido no artigo 172 e



seguintes do R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, co fin de que o crédito orzamentario da anualidade 2022 do Plan Concellos 2022-2023 transferido á aplicación orzamentaria 2024/942.9420.762.75.2021 do Programa ReacPon (**38.686,25 €**) pase á aplicación orzamentaria **942.9420.762.27** do Servizo de Cooperación.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

Conforme:

A Xefa do Servizo de Cooperación
(documento asinado electronicamente)
Marina Piñeiro Novo

O deputado delegado da Área de Cooperación
(documento asinado electronicamente)
José Carlos López Campos

(documento asinado electronicamente)

INTERVENCIÓN

